

57 Rallye de Ferrol



www.
rallyeferrol
.com



**21
22
AGOSTO
2026**

FERROL EXCMO. CONCELLO DE FERROL

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Deputación DA CORUÑA

**MONFERO
NARÓN
SAN SADURNIÑO
IRIXOA
AS SOMOZAS**

Rallycar
www.rallycar.es

**TORREIRO
AUTO
RECAMBIOS**

GADIS

segurma

PRIORAUTO
FIAT Jeep Citroën

**AUTO
hecho
SPORT**

SEIZ
Radio FERROL 93.0 FM

RILO



Caetano



XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

AON
Empower Results®

Allianz

ÍNDICE

ARTIGO 1 – PROGRAMA HORARIO	3
ARTIGO 2 – ORGANIZACIÓN.....	6
Artigo 2.1.-	6
Artigo 2.2.- Comité de Organización	6
Artigo 2.3.- Oficiais:	7
ARTIGO 3 – PUNTUABILIDADE.....	8
ARTIGO 4 – DESCRICIÓN	8
ARTIGO 5 – VEHÍCULOS ADMITIDOS.....	9
ARTIGO 6 – CONCURSANTES ADMITIDOS.....	9
ARTIGO 7 – SOLICITUDE DE INSCRICIÓN – INSCRICIÓN.....	9
ARTIGO 8 – DEREITOS DE INSCRICIÓN – SEGUROS	10
ARTIGO 9 – HORA OFICIAL DO RALLYE	10
ARTIGO 10 – PREMIOS.....	11
ARTIGO 11 – ENCARGADOS DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES	11
ARTIGO 12 – SÚPER RALLYE.....	11
ARTIGO 14 – <i>SHAKEDOWN</i>	11
ARTIGO 15 – DISPOSICIÓNS CONTRARIAS Á NORMATIVA XERAL DA FGA.....	13
ANEXO I – MAPAS DOS PARQUES PECHADO E DE TRABALLO	15
ANEXO II – ITINERARIO – HORARIO	17
ANEXO III – SÚPER RALLYE.....	18
ANEXO IV – SISTEMA GPS	20
ANEXO V – CARAVANA DE SEGURIDADE	26

ARTIGO 1 – PROGRAMA HORARIO

Antes da semana do Rallye		
Luns, 20 xullo		
10:00	Apertura de inscricións (Pilotos inscritos no CGR) Publicación do regulamento	Web Rallye / Web FGA
Martes, 21 xullo		
10:00	Apertura de inscricións (Resto dos pilotos)	Web Rallye / Web FGA
Luns, 10 agosto		
20:00	Peche de inscricións Publicación do percorrido	Web Rallye
Martes, 11 agosto		
15:00	Verificacións Administrativas Telemáticas Online Obrigatorias <u>Hora límite</u> para presentar toda a documentación para que a inscrición sexa admitida: Martes 11 de Agosto as 15:00	Formulario documentación: https://forms.gle/3BnKwQaJkA7koLkCZ e-mail: inscripciones@escuderiaferrol.com
Xoves, 13 agosto		
18:00	Publicación da lista de inscritos	Taboleiro de Anuncios
Sábado, 15 agosto – domingo, 16 agosto		
08:30 - 10:00	Recollida documentación e GPS de recoñecementos (opción 1)	Rallycar
09:00 - 20:00	Recoñecementos (Opción 1: sábado e domingo)	Treitos
18:00 - 21:30	Devolución do GPS	Secretaría do Rallye
Semana do Rallye		
Mércores, 19 agosto – Xoves, 20 agosto		
08:30 - 10:00	Recollida documentación e GPS de recoñecementos (opción 2)	Rallycar
09:00 - 20:00	Recoñecementos (Opción 2: mércores e xoves)	Treitos
18:00 - 21:30	Devolución do GPS	Secretaría do Rallye
Xoves, 20 agosto		
09:00	Apertura da Oficina Permanente	Sala de Exposicións da Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao
15:00	Acreditacións de vehículos de Asistencia Apertura da Zona de Asistencia	Estadio A Malata
18:00	Apertura da Sala de Prensa	Oficina Permanente
20:00	Publicación da lista de autorizados ao <i>Shakedown</i>	Taboleiro de Anuncios
Venres, 21 agosto		
09:30 - 10:30	Verificacións Técnicas [Equipos participantes no <i>Shakedown</i>]	Estacionamento Norte Porto de Ferrol
10:30	Hora límite de entrada de vehículos de grandes dimensións na Zona de Asistencia	Estadio A Malata
	1ª Reunión do Colexio de Comisarios Deportivos	Oficina Permanente
11:00 - 12:00	<i>Shakedown</i> vehículos dúas rodas motrices	Treitos

12:00 - 13:00	Shakedown vehículos catro rodas motrices	
12:00 - 16:00	Verificacións Técnicas [Segundo o horario publicado]	Estacionamento Norte Porto de Ferrol
17:30	Publicación da lista de autorizados a tomar a saída	Taboleiro de Anuncios
	Hora límite de entrada dos vehículos no Parque Pechado	Porto de Ferrol
18:00	Entrevista cos pilotos na zona do podio (segundo convocatoria)	
19:00	Saída do rallye – 1ª etapa	
22:10	Remate da 1ª etapa do rallye	
23:30	Publicación da Clasificación Provisional da 1ª Etapa	Taboleiro de Anuncios
Sábado, 22 agosto		
09:00	Saída da 2ª etapa do rallye	Porto de Ferrol
11:56	Chegada 1º participante 2ª sección	Irixoa
12:56	Saída 1º participante 3ª sección	
18:30	Remate do Rallye	Porto de Ferrol
19:00	Verificacións Técnicas Finais	Priorauto – FIAT
19:30	Cerimonia de Entrega de Trofeos	Porto de Ferrol
	2ª reunión do Colexio de Comisarios Deportivos	Oficina Permanente
20:30	Publicación da Clasificación PROVISIONAL	Taboleiro de Anuncios
21:00	Publicación da Clasificación FINAL	

Nota: Levantamento de vehículos do parque pechado-parque de traballo (unificados ou individuais): Unha vez publicada a clasificación FINAL, **autorízase a todos os participantes a retirar os vehículos** sen ter que esperar ás entregas de premios.

Hora límite de entrada ao Parque de Asistencia:

Xoves, 20 de agosto De 18:00 a 21:00 Horas

Venres, 21 de agosto De 08:30 a 17:30 Horas

***Vehículos de grandes dimensións ata as 10:30 horas**

Sábado, 22 de agosto De 08:00 a 09:30 Horas

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, o Taboleiro de Anuncios Oficial será o taboleiro de anuncios dixital publicado na páxina web: www.rallyeferrol.com/tablon-de-anuncios/

Tamén haberá comunicación coa aplicación *Sportity* pero **non haberá Taboleiro oficial de avisos físico.**

Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do rallye deberase ingresar o contrasinal

RFERROL2026

A aplicación *Sportity* pódese descargar de *Google Play* ou da *App Store* nas seguintes ligazóns:

App Store:

<https://apps.apple.com/ee/app/sportity/id1344934434>

Google Play:

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.sportity.app>



ARTIGO 2 – ORGANIZACIÓN

Artigo 2.1.-

A **Escudería Automovilística Ferrol** organiza o **57 Rallye de Ferrol** que se desenvolverá **dende o día 21 ao día 22 de agosto de 2026.**

Este Rallye disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns dos Campionatos e Copas de Galicia 2026, no Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, no presente Regulamento Particular da proba, no CDI e os seus anexos, nas prescricións xerais aplicadas a todos os Campionatos e Copas FIA, no seu caso, e nos Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 25 de marzo de 2026.

A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número **GA** - **RA.**

Artigo 2.2.- Comité de Organización

PRESIDENTE

D. Pedro Amado López

VOCALIS

D.ª María Carmen Ponce Pita

D. José Daniel Rey Mosquera

D.ª Raquel García Brocos

D. Carlos Lorenzo Fernández

D. Juan Luís González Pérez

D. Héctor Filgueiras Pereira

SECRETARIO

D. Germán Castrillón Permuy

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

ESCUDERÍA AUTOMOVILÍSTICA FERROL

"Casa do Deporte"

Avenida Castelao, s/n

15406 Ferrol (A Coruña)

Teléfono: +34 676 857 909

Web: www.escuderiaferrol.com e www.rallyeferrol.com

E-mail: escuderiaferrol@escuderiaferrol.com

Artigo 2.3.- Oficiais:

Presidente do Comité Organizador:

D. Pedro Amado López DC-00122-ESP/GA

Directora da Carreira-Oficina:

D.ª María Carmen Ponce Pita DC-02655-ESP/GA

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

D. Víctor Varela Barreiro JOC-02403 -ESP/GA

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIARIA":

D. José Daniel Rey Mosquera DC-02652-ESP/GA

COMISARIO/CONTROLADOR:

D. Ángel Martínez Casal CR-04126-ESP/GA

D. Carlos Lorenzo Fernández JPR-05457-ESP/GA

Vehículo «00» (DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA):

D. Pedro Amado López DC-00122-ESP/GA

Servizo Informático e publicación de tempos:

ANUBE

Servizo de Ambulancias:

Ambulancias Apóstol

Servizos Médicos:

EMS Galicia

Centros Asistenciais:

- Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol (CHUF)
- Hospital Ribera Juan Cardona
- Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC)
- e os designados por concerto pola compañía aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres:

- Grúas Alca
- Horacio Automociones
- Gruas Transpedrayes

Nota: En cumprimento da normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO numerado e datado, polo menos sete días antes da celebración da proba. O Vehículo «0» pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado por este.

O Vehículo Escoba pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licenza DC, agás o piloto do Vehículo «0» que deberá ter licenza de piloto expedida pola FGA e, á súa vez, deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da proba no apartado dos participantes.

ARTIGO 3 – PUNTUABILIDADE

O **57 Rallye de Ferrol** puntuará para os seguintes Campionatos e Copas:

Campionato de Galicia de Rallyes sobre asfalto (pilotos e copilotos).
Campionato de Galicia de Rallyes para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licenza de concursante colectiva única expedida pola FGA).
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 1.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 2.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 3.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 4.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 5.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 6.
Copa de Galicia de Rallyes para a Agrupación 7.
Trofeos e Copas de Promoción que designe a FGA

ARTIGO 4 – DESCRICIÓN

O **57 Rallye de Ferrol** consta dun percorrido total de **398,98 quilómetros**, dos cales **98,83 quilómetros** corresponden a **OITO (8) Treitos Cronometrados** por estradas asfaltadas pechadas ao tráfico.

Está dividido en **DÚAS (2) Etapas** e **TRES (3) Seccións**.

O Itinerario-Horario figura no Anexo II do presente Regulamento.

No Carné de Control e no Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións, así como os Controis Horarios, Recorridos alternativos e Reagrupamentos.

O Rallye terá **TRES (3) Parques de Traballo**, ademais do Parque de Traballo da noite do venres ao sábado.

ARTIGO 5 – VEHÍCULOS ADMITIDOS

Publicados no Regulamento Xeral do CGR

ARTIGO 6 – CONCURSANTES ADMITIDOS

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ao disposto no Anexo I publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

ARTIGO 7 – SOLICITUDE DE INSCRICIÓN – INSCRICIÓN

7.1.- Todo equipo que desexe participar no **57 Rallye de Ferrol** terá que cumprimentar telematicamente na zona privada da plataforma PODIUM o formulario de inscrición.

A falta de calquera dos datos requiridos no formulario implicará que non se complete e, polo tanto, se rexeite a mesma.

Os datos relativos ao copiloto, por cambio ou modificación, poden ser completados ata as 20:00 do día 18 de agosto de 2026.

7.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de **CENTO CORENTA (140) vehículos.**

7.3.- Os dereitos de inscrición deberán ser satisfeitos a través da plataforma PODIUM no momento da inscrición, e **NON SE DEVOLVERÁN OS DEREITOS DE INSCRICIÓN A NINGÚN PARTICIPANTE UNHA VEZ PUBLICADA A LISTA DE INSCRITOS, agás o disposto no art. 8.4 deste Regulamento**

7.4.- Admitiranse inscricións condicionadas unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

7.5.- A orde de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos.

NON SE CONSIDERARÁ INSCRITO NINGÚN EQUIPO QUE INCUMpra TOTAL OU PARCIALMENTE O SINALADO NESTE ARTIGO 7

As verificacións administrativas obrigatorias serán telemáticas. Logo de ter cumprimentado o formulario de inscrición os participantes deberán achegar toda a documentación a través da ligazón que se indica deseguido:

<https://forms.gle/3BnKwQaJkA7koLKc7>

antes das 15:00 horas do martes, 11 de agosto de 2026.

ARTIGO 8 – DEREITOS DE INSCRICIÓN – SEGUROS

8.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

Aceptando a publicidade obrigatoria:

Inscrición ao Rallye: **364 €**

Inscrición ao Rallye máis ao Shakedown: **514 €**

NON aceptando a publicidade obrigatoria:

Inscrición ao Rallye: **694 €**

Inscrición ao Rallye máis ao Shakedown: **994 €**

8.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada do pagamento dos dereitos de inscrición.

8.3.- Os dereitos de inscrición inclúen o seguro, que garante a Responsabilidade Civil fronte a terceiros de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

8.4.- Os dereitos de inscrición tan só serán reembolsados aos equipos cuxas inscricións sexan rexeitadas ou no caso de que a proba non se celebrara. **NON SERÁN DEVOLTOS en ningún outro caso.**

ARTIGO 9 – HORA OFICIAL DO RALLYE

Durante o transcurso do Rallye, a hora oficial será a emitida polos Cronómetros da FGA e a web www.time.is.

ARTIGO 10 – PREMIOS

Os premios e trofeos que se entregarán serán aos 6 primeiros clasificados da Clasificación Xeral (Piloto e Copiloto) e aos primeiros clasificados de cada Agrupación (Piloto e Copiloto) do seguinte xeito:

CLASIFICACIÓN XERAL SCRATCH	
1º	1.500,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
2º	1.100,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
3º	825,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
4º	625,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
5º	375,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)
6º	325,00 Euros e 2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

AGRUPACIÓN (1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)	
1º	240,00 Euros e Trofeo
2º	120,00 Euros
3º	90,00 Euros

TOTAL PREMIOS
7.900,00 Euros

COPAS DE PROMOCIÓN	
1º	2 Trofeos (Piloto e Copiloto)

COPAS DE PROMOCIÓN: A FGA enviará os trofeos ao organizador para entregar ao 1º clasificado (piloto e copiloto) de cada copa de promoción.

Para recibir o premio conseguido (tanto o metálico como o trofeo), será indispensable a presenza na entrega de premios do piloto ou representante. No caso contrario, enténdese que se renuncia a eles, quedando en propiedade da organización.

ARTIGO 11 – ENCARGADOS DAS RELACIÓNS COS PARTICIPANTES

Segundo o artigo 11.6 do Regulamento xeral do Campionato Galego de Rallyes

ARTIGO 12 – SÚPER RALLYE

Segundo o artigo 15 do Regulamento xeral do Campionato Galego de Rallyes e o anexo III deste regulamento.

ARTIGO 13 – SHAKEDOWN

As características do treito do *shakedown* son similares, no referente ao asfalto e trazado, ás dos treitos polos que se disputará o Rallye.

A inscrición no mesmo non é obrigatoria e pódese facer ou non a exclusivo criterio de cada equipo. Os equipos terán que marcar a súa opción no momento de inscribirse na plataforma PODIUM. O límite de equipos para o *Shakedown* é dun máximo de 60 participantes, e os dereitos de inscrición fíxanse en **CENTO CINCUENTA (150) Euros**.

Luns, 20 Xullo		
10:00	Apertura de inscricións ao <i>Shakedown</i>	Web Rallye
Luns, 10 Agosto		
20:00	Pechu de inscricións ao <i>Shakedown</i>	Web Rallye
Xoves, 20 Agosto		
20:00	Publicación da Lista de Inscritos ao <i>Shakedown</i>	Taboleiro de Anuncios
Venres, 21 Agosto		
09:30 - 10:30	Verificacións Técnicas. [Equipos participantes no <i>Shakedown</i>]	Estacionamento Norte Porto de Ferrol
11:00 - 12:00	<i>Shakedown</i> vehículos dúas rodas motrices	Treitos
12:00 - 13:00	<i>Shakedown</i> vehículos catro rodas motrices	

- RECOÑECEMENTOS:

O treito ten coincidencia no percorrido cun treito do Rallye. Os recoñecementos do *shakedown* faranse o mesmo día, en vehículo de serie e sen superar a velocidade de 80 quilómetros/hora, ou a establecida pola sinalización viaria, dentro do horario marcado pola organización para os recoñecementos dos treitos.

- PARQUE DE TRABALLO:

Será no mesmo lugar que para o desenvolvemento do rallye:

Estacionamento do Estadio da Malata

[<https://maps.app.goo.gl/8Tr2EN1S5aS9oQ3B7>]

N 43°29'26" W 08°14'29"

O cambio de pneumáticos terase que facer obrigatoriamente no parque de traballo, así como o repostaxe do carburante, aínda que tamén se pode facer nas gasolinas marcadas no libro de ruta.

Fóra do parque de traballo a asistencia só pode ser feita polo piloto-copiloto (equipo) e as posibles reparacións, cos medios que leven no vehículo participante, quedando terminantemente prohibida calquera axuda externa.

- CARACTERÍSTICAS DO TREITO:

Queda terminantemente prohibida a toma de tempos polo organizador e tamén calquera publicación destes.

O treito consta dun total de 3,24 quilómetros.

O parque de traballo, dende a meta do *shakedown*, queda a unha distancia de 10,22 quilómetros.

Dentro do cadro horario, os equipos participantes poden dar cantas pasadas estimen oportunas, por orde e criterio do equipo de saídas do *shakedown*.

Da chegada á saída, pola ruta alternativa, hai unha distancia de 9,77 quilómetros.

O Comité Organizador, ao seu exclusivo criterio, aceptará ou refusará calquera inscrición ao *shakedown*.

Calquera anomalía deportiva implicará un estudio do Colexio de Comisarios Deportivos, con posterior traslado ao Tribunal Galego de Apelación da Federación Galega de Automobilismo.


ARTIGO 14 – DISPOSICIÓNS CONTRARIAS Á NORMATIVA XERAL DA FGA

Segundo o artigo 7.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia, «*O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A., ó Regulamento Xeral do Campionato ou Copa, ou ó regulamento particular "tipo" publicado pola F.G.A., que deberán ser obxecto dunha solicitude debidamente motivada. A F.G.A. aprobará ou rexeitará ditas disposicións, ó seu exclusivo criterio. Non se aprobará disposición algunha contraria ó Código Deportivo Internacional.*»


Deberán facer constar no regulamento particular a excepcións aprobadas pola FGA
D. Pedro Amado López, con licenza DC-00122-ESP/GA, solicitolle á Federación Galega de Automobilismo a aprobación do presente Regulamento Particular da proba.



Asdo.: Directora da Carreira
NIF: 32672146-W
D.ª María Carmen Ponce Pita



Entidade: **Escudería Automovilística Ferrol**
CIF: G-15115660
Asdo.: **Presidente do Comité Organizador**
D. Pedro Amado López




Asdo.: Xefe de Seguridade Viaria
NIF: 32649232-L
D. José Daniel Rey Mosquera

Selo do Clube

PROGRAMA DE REUNIÓNS DOS COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	21 de agosto de 2026	10:30	SALA DE COMISARIOS DEPORTIVOS (Sala de Exposicións da Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao)
2ª	22 de agosto de 2026	19:30	

ANEXO I – MAPAS DOS PARQUES PECHADO E DE TRABALLO

Existirá só un Parque de Traballo durante o Rallye:

Estacionamento do Estadio da Malata

[<https://maps.app.goo.gl/8Tr2EN1S5aS9oQ3B7>]

N 43°29'26" W 08°14'29"

- A situación dos Equipos no Parque de asistencia publicárase o **mércores 19 de agosto ás 20:00 h.** Todo equipo debe contactar cos oficiais do parque para situar a asistencia onde lle indiquen.
- Quédalles prohibido aos equipos facer buratos no chan. O incumprimento desta norma comunicárase aos Comisarios deportivos, que poderán sancionar ao concursante.
- Non se permite depositar os remolques e plataformas dentro da zona reservada para as asistencias. O incumprimento desta norma comunicárase aos Comisarios deportivos, que poderán sancionar ao concursante.
- O espazo empregado por cada equipo para a súa asistencia deberá quedar totalmente limpo ao rematar, e calquera residuo ou verquido que ocasione será responsabilidade íntegra do equipo alí situado, debendo responder do mesmo ante quen corresponda.
- **ESTÁ TOTALMENTE PROHIBIDA A ENTRADA E SAÍDA DOS VEHÍCULOS DE ASISTENCIA DURANTE O TRANSCURSO DA PROBA. TODO AQUEL QUE SAIA NON PODERÁ VOLVER A ENTRAR. O EQUIPO DEBERÁ TER UN VEHÍCULO FÓRA DO PARQUE SE QUERE DESPRAZARSE.**



O parque pechado estará situado no Porto de Ferrol

Porto de Ferrol

[<https://maps.app.goo.gl/cnozAwwopdGimozC8>]

N 43°28'44" W 08°14'44"



ANEXO II – ITINERARIO – HORARIO

Etapa 1 - Sección 1							Venres 21 Agosto 2026
Salida Sol / Abrente: 07:45							Puesta de Sol / Solpor: 21:27
TC	LOCALIZACIÓN	Kms. TC	Kms. ENLACE	Kms TOTALES	TIEMPO	VEL. MEDIA	PASO 1º PART.
CH					TEMPO	KM/H	
0	Salida 1ª Etapa / Saída 1ª Etapa - Porto de Ferrol						19:00
0A	Entrada Z.A. "A"		1,70	1,70	00:05	20,40	19:05
Zona Asistencia "A" (Estadio A Malata)					00:15		
0B	Salida Z.A. "A"						19:20
ZR 1	Z.R. 1 / Refueling & Marcaje neumáticos / Repostaxe & Marcaxe pneumáticos						
	Distancia a próxima Z.R. / Distancia á seguinte Z.R.	21,25	79,77	101,02			
1	CH1		6,44	6,44	00:15	25,76	19:35
TC 1	TC-1	6,27					19:38
2	CH2		31,45	37,72	00:50	45,26	20:28
TC 2	TC-2	14,98					20:31
2A	Entrada Z.A. "B"		37,43	52,41	01:03	49,91	21:34
Zona Asistencia "B" (Estadio A Malata)					00:30		
2B	Salida Z.A. "B"						22:04
2C	Fin de 1ª Etapa / Fin da 1ª Etapa- Parque Cerrado / Parque Pechado	2,75		2,75	00:06	27,50	22:10
	Porto de Ferrol						
Totales 1ª Etapa		21,25	79,77	101,02			

SECCION 1

Etapa 2 - Secciones 2 & 3 / Etapa 2 - Seccións 2 & 3							Sábado 22 Agosto 2026
Salida Sol / Abrente: 07:46							Puesta de Sol / Solpor: 21:26
TC	LOCALIZACIÓN	Kms. TC	Kms. ENLACE	Kms TOTALES	TIEMPO		PASO 1º PART.
CH					TEMPO		
2D	Salida 2ª Etapa / Saída 2ª Etapa - Porto de Ferrol						09:00
2E	Entrada Z.A. "C"		1,70	1,70	00:05	20,40	09:05
Zona Asistencia "C" (Estadio A Malata)					00:15		
2F	Salida Z.A. "C"						09:20
ZR 2	Z.R. 2 / Refueling & Marcaje neumáticos / Repostaxe & Marcaxe pneumáticos						
	Distancia a próxima Z.R. / Distancia á seguinte Z.R.	24,30	111,11	149,90			
3	CH3		8,51	8,51	00:20	25,53	09:40
TC 3	TC-3	11,34					09:43
4	CH4		44,61	55,95	01:15	44,76	10:58
TC 4	TC-4	12,96					11:01
5	CH5		2,91	15,87	00:22	43,28	11:23
TC 5	TC-5	14,49					11:26
5A	Entrada Reagrupamiento / Reagrupamento (Irixoa)		7,63	22,12	00:30	44,24	11:56
5B	Salida Reagrupamiento / Reagrupamento				01:00		12:56
5C	Entrada Z.A. "D"		47,45	47,45	01:10	40,67	14:06
Zona Asistencia "D" (Estadio A Malata)					00:40		
5D	Salida Z.A. "D"						14:46
ZR 3	Z.R. 3 / Refueling & Marcaje neumáticos / Repostaxe & Marcaxe pneumáticos						
	Distancia a próxima Z.R. / Distancia á seguinte Z.R.	38,79	107,57	146,36			
6	CH6		8,51	8,51	00:20	25,53	15:06
TC 6	TC-6	11,34					15:09
7	CH7		44,61	55,95	01:20	41,96	16:29
TC 7	TC-7	12,96					16:32
8	CH8		2,91	15,87	00:22	43,28	16:54
TC 8	TC-8	14,49					16:57
8A	Fin de Rallye / Fin do Rali - Parque Cerrado / Parque Pechado		51,54	66,03	01:33	42,60	18:30
	Porto de Ferrol						
Totales 2ª Etapa		77,58	220,38	297,96			

SECCION 2

SECCION 3

Totales del Rallye / Totales do Rali				
	TC	Enlace	Total	%TC
Viernes / Venres (Sección 1)	21,25	79,77	101,02	21,04%
Sábado (Secciones/Seccións 1,2,3,4)	77,58	220,38	297,96	26,04%
Total del Rallye / Total do Rali (8 TC)	98,83	300,15	398,98	24,77%

ANEXO III – SÚPER RALLYE

Aos equipos retirados durante o transcurso da proba se lles permitirá reengancharse a esta mediante o sistema de Súper Rallye, segundo o establecido no artigo 15 do Regulamento xeral do Campionato de Galicia de Rallyes, nas seguintes condicións:

1.- Se un equipo toma a decisión de reengancharse, **deberá comunicar a súa intención por escrito** (segundo o modelo que figura neste anexo ou no propio libro de ruta) á Directora de Carreira a través do/s Oficial/is encargado/s das Relacións cos Participantes, con tempo suficiente para o seu estudo e aceptación.

2. - Os equipos retirados no transcurso da primeira etapa do venres (sempre que tome a saída nun treito cronometrado), poderán tomar a saída na seguinte sección.

Os equipos retirados na primeira sección do sábado, poderán tomar a saída na sección trala parada de mediodía.

A incorporación do equipo á proba realizarase na saída do sábado (se abandonou na xornada do venres) ou sábado a mediodía (se abandonou na 1ª sección do sábado), debendo presentarse a unha verificación técnica 30 minutos antes da saída do primeiro participante nesa sección. Será obrigatorio que o equipo completo (piloto, copiloto e vehículo en condicións de continuar a proba) estea no control de entrada ó Reagrupamento para recoller o carné de ruta.

Os Comisarios Deportivos incluírán aos solicitantes no lugar que, baixo o seu criterio, consideren máis idóneo.

3.- Ao equipo que se acolla á modalidade de Súper Rallye aplicaráselle unha **penalización de 5 minutos. Adicionalmente** se lle engadirán **outros 10 minutos** ao mellor tempo da súa agrupación **por cada treito cronometrado non realizado ou non completado**, aparecendo como clasificado na clasificación *scratch*, pero sen ter dereito a premios e puntos nas copas e trofeos nos que participe. **O peor tempo enténdese como aquel no que o participante non tivo incidentes no treito.** De non haber máis vehículos na agrupación a que pertence o equipo que se acolle ao Súper Rallye, a penalización de 10 minutos por cada treito non disputado engadirase ao tempo que os CCDD consideren máis idóneo, baixo o seu criterio.

4.- Se un equipo é excluído por exceso de penalizacións ou por calquera outro motivo non poderá empregar o Súper Rallye.

5.- **Esta reincorporación é unha opción para os equipos, non podendo esixir ao organizador que lle retire do treito o vehículo avariado ou accidentado, sen prexuízo de que os organizadores, na medida do posible, poidan colaborar para iso, sempre e cando o permitan os horarios da proba.**

6.- As faltas de respecto a calquera membro da organización para a súa inclusión no Súper Rallye serán automaticamente motivo para non concedelo.

7.- Os intentos de retrasar ou variar o transcurso da proba de maneira intencionada están regulados no artigo 14.4.8 do Regulamento xeral do Campionato de Galicia de Rallyes. Desta xeito, **todo equipo responsable ou cómplice dunha interrupción de carreira ou dun incidente que pretenda retrasar ou variar o transcurso da proba de MANEIRA INTENCIONADA, a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, será excluído da proba e da copa na que estivese encadrado** na dita proba, se fose o caso. **Así mesmo, daráselle traslado da infracción ao Tribunal Galego de Apelación da FGA cunha proposta de exclusión do campionato e retirada da Licenza federativa.**

MODELO DE SOLICITUDE PARA SÚPER RALLYE

A/Att: Directora de Carreira do 57 Rallye de Ferrol

Concursante: _____

Piloto: _____

Copiloto: _____

Nº participante: _____

SOLICITA : A súa reincorporación á carreira na **seguinte sección**

Motivo do abandono da competición:

En Ferrol, ás _____ horas do ____ de agosto de 2026

Sinatura do Concursante/piloto

Recibido Por: _____

Cargo no rallye: _____

Sendo as: _____ horas

1.- Se un equipo, toma a decisión de reengancharse, **deberá comunicar** a súa intención por escrito (neste modelo), á Directora de Carreira a través do/s Oficial/is encargado/s das Relacións cos participantes, con tempo suficiente para o seu estudo e aceptación.

2. - Os equipos retirados no transcurso da primeira etapa do venres (sempre que tome a saída nun treito cronometrado), poderán tomar a saída na seguinte sección.

Os equipos retirados na primeira sección do sábado, poderán tomar a saída na sección trala parada de mediodía.

A incorporación do equipo á proba realizarase na saída do sábado (se abandonou na xornada do venres) ou sábado a mediodía (se abandonou na 1ª sección do sábado), debendo presentarse a unha verificación técnica 30 minutos antes da saída do primeiro participante nesa sección. Será obrigatorio estar o equipo completo (piloto, copiloto e vehículo en condicións de continuar a proba) no control de entrada ó Reagrupamento para recoller o carné de ruta.

3.- Ao equipo que se acolla á modalidade de Súper Rallye aplicaráselle unha penalización de 5 minutos. Adicionalmente se lle engadirán outros 10 minutos ao mellor tempo da súa agrupación por cada treito cronometrado non realizado ou non completado, aparecendo como clasificado na clasificación *scratch*, pero sen ter dereito a premios e puntos nas copas e trofeos nos que participe. O peor tempo enténdese como aquel no que o participante non tivo incidentes no treito. De non haber máis vehículos na agrupación a que pertence o equipo que se acolle ao Súper Rallye, a penalización de 10 minutos por cada treito non disputado engadirase ao tempo que os CCDD consideren máis idóneo, baixo o seu criterio.

ANEXO IV – SISTEMA GPS

1. Sistema GPS obrigatorio no Campionato de Galicia de Rallyes.

- a) A compra do soporte do GPS e obrigatoria (25 euros, iva incluído).
- b) No desenvolvemento das probas do Campionato de Galicia de Rallyes os vehículos de competición levarán obrigatoriamente instalado un sistema GPS. Será obrigatoria a utilización durante os recoñecementos programados polo organizador. Este sistema GPS servirá de seguimento dos vehículos de competición e servirá para alertar dende a Organización aos equipos de posibles incidencias ou bandeiras vermellas. Tamén servirá para que os equipos soliciten axuda de emerxencia pulsando o SOS.
- c) O GPS deberá ir montado no vehículo nun lugar ao alcance do Piloto e do Copiloto por criterios de Seguridade.
- d) O Colexio de CC.DD. poderá facer uso dos datos do GPS para contrastar e poder aplicar sancións ou asignar tempos, en caso de forza maior.

2. Funcionamento:

- a) O sistema deberá ter botón SOS que se deberá usar **UNICAMENTE en caso de EMERXENCIA.**
- b) Deberase manter pulsado segundo se indica nas instrucións, no momento no que o equipo participante sufra ou vexa algún accidente que precise de axuda médica ou se atope en situación de risco para a seguridade.
- c) Cando a Dirección da Proba, ao seu exclusivo criterio, considere que a situación de emerxencia e risco finalizou, os GPS implicados serán desconectados e non transmitirán ningún sinal de alarma para non bloquear a canle a outros equipos.
- d) **O uso indebido do mesmo, ou a utilización para comunicar calquera outro motivo que non sexa axuda médica ou situación de risco para a seguridade, será comunicado inmediatamente ós Comisarios Deportivos.**
- e) **A non utilización do sistema GPS por parte dun equipo, tras sufrir un accidente, rotura mecánica ou abandono da proba, será motivo de penalización por parte dos Comisarios Deportivos.**

3. Bandeira vermella electrónica:

- a) Nas probas que puntúen para o Campionato de Galicia de Rallyes, será obrigatorio o uso dos dispositivos de GPS utilizados para o sistema de bandeira vermella electrónica.
- b) A pantalla que indique aos membros do equipo que se activou a bandeira vermella electrónica, deberá ser de *leds* de alta luminosidade. Poderá mostrarse a bandeira vermella electrónica por medio de pantalla a cor ou siglas de alta luminosidade. O provedor de servizos deberá entregar as instrucións de uso do código de bandeira vermella electrónica xunto coas instrucións do dispositivo.
- c) Só se pode activar/desactivar a bandeira vermella electrónica dende a Dirección da Proba.

d) Unha vez sexa mostrada a bandeira vermello electrónica no dispositivo GPS, o equipo deberá pulsar o botón que dá conformidade á dirección da proba de que se verificou a mensaxe de activación da bandeira vermella electrónica. **Non pulsar o botón de conformidade de que o equipo recibiu a bandeira vermella será motivo de penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.**

e) Mostrada a bandeira vermella electrónica, o equipo deberá cumprir o estipulado neste artigo:

Os Equipos aos que se mostre bandeira vermella Electrónica deberán reducir a súa velocidade de forma inmediata e seguir as instrucións dos Comisarios de Ruta e dos membros dos vehículos de seguridade cos que se atopen. A **velocidade máxima** que poderá alcanzar un equipo ao que se lle mostrou bandeira vermella dentro do treito cronometrado **non poderá exceder de 80 km/h**. A Directora da Proba poderá facer uso do sistema GPS para verificar que se cumpre esta normativa. **Non respectar esta regra comportará unha penalización baixo criterio dos Comisarios Deportivos.**

4. Entrega e devolución do aparello GPS:

a) A entrega do dispositivo GPS realizarase nas verificacións técnicas.

b) A devolución do dispositivo GPS realizarase no Parque Pechado, en Dirección de Carreira ao finalizar a proba, ou a un membro da organización designado a tal efecto.

c) **En caso de abandono na proba por avaría ou accidente, o equipo é o responsable de entregar o GPS na oficina da proba (Dirección de Carreira) ou no lugar estipulado dentro do regulamento particular da proba.** Deberase entregar á maior brevidade posible, e sempre antes da finalización da proba.

d) Durante a proba, calquera incidencia do GPS deberá ser comunicada ao/s oficial/is encargado/s das Relacións cos participantes para poder cambialo.

e) O concursante que non devolva o dispositivo GPS ou que, ao devolvelo, o faga en condicións defectuosas, será obxecto dunha multa económica.

O sistema de alerta en caso dunha incidencia será o que se indica na seguintes páxinas

SPICA III Manual de uso rápido



● NOTIFICACIÓN DE SOS

Para solicitude de atención médica inmediata ou notificación de vehículo que impide totalmente o paso de outros participantes.

+ Pulsar botón vermello e verde simultaneamente durante 2 segundos.



● NOTIFICACIÓN DE AVARÍA

Notificación de que un vehículo non pode continuar, pero non obstaculiza o paso.
Pulsación botón vermello 2 segundos.



● CONFIRMACIÓN TODO OK?

Si desde dirección da carreira se solicita información do estado dos participantes. 3 posibles respostas:

Para indicar que está todo ben

+ Para indicar S.O.S.

Para indicar AVARÍA

alternando con pantalla completa en rojo.



● BANDEIRA VERMELLA / RED FLAG

A pantalla mostra as letras "RF" (Red Flag),
alternando coa pantalla completamente en vermello.

O participante debera pulsar o botón Verde para confirmala lectura.

anube.es

V5 - 2020

SPICA IV

Powered by anubespport®



SOS avería OK



Para indicar que todo está bien



Para indicar SOS




Para indicar avería

BANDERA ROJA



La pantalla muestra el mensaje 'BANDERA ROJA' y la hilera de luces LED parpadea en rojo. El altavoz emite un fuerte pitido intermitente.

ZONA DE VELOCIDAD



MENSAJES Y PREGUNTAS



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente



Luz amarilla intermitente

ANEXO V – CARAVANA DE SEGURIDADE

COMPOSICIÓN DA CARAVANA DE SEGURIDADE



CINTAS
70'

Vehículo Cintas

Disporáse dun vehículo que poderá traballar no treito ata última hora. Recoméndase ó organizador que este vehículo sexa un furgón ou furgoneta. Realizará a revisión da montaxe das zonas especiais de seguridade e os peches de camiños correspondente, corrixindo a pedimento do Responsable de Seguridade tódalas deficiencias atopadas.

XEFE SEGURIDADE DE TREITO
60'

Vehículo Xefe de Seguridade de Treito

A misión do vehículo "Xefe Seguridade Treito" será a de controlar a correcta montaxe dos peches de camiños e/ou estradas previstos no Plan de Seguridade. Tras el circulará o denominado Vehículo "MONTAXES", o cal dará instrución para reparar ou mellorar aqueles puntos que considere necesarios.

MONTAXES
55'

Vehículo Montaxes

Acompaña ó Xefe de Seguridade de Treito axudándolle a solucionar as deficiencias detectadas por este que non requiran a intervención do vehículo "CINTAS". Prestan especial atención ós peches de camiños e seguridade do público, facendo unha primeira intervención e reportando ós vehículos seguintes os puntos onde deberán prestar especial atención.

MEGAFONÍA
45'

Vehículo Megafonía

A súa misión básica é informar ó público de que a estrada está pechada ó tráfico, recomendando as mellores zonas para situarse e ir dando consellos de seguridade. Do mesmo xeito irá comprobando o Plan de Seguridade e corrixindo algunha deficiencia que os anteriores vehículos non puidesen subsanar.

GARDA CIVIL DE TRÁFICO
40'

Garda Civil de Tráfico

Verificará a correcta montaxe dos peches de carretera, como as dotacións de forzas de orde público nas zonas previstas no Plan de Seguridade. Pese a non tratarse dun coche da caravana de seguridade, axústase ó horario establecido.

XEFE DE SEGURIDADE VIAL
35'

Xefe de Seguridade Vial

Verificará todo o percorrido da proba, Treitos cronometrados, enlaces e parques. Comprobará a correcta ubicación do público, corrixindo e prestando atención as derradeiras deficiencias que os vehículos anteriores houberon observado. Será unha persoa de confianza da organización, con ampla experiencia e criterio en materia de seguridade xa que terá plena potestade para aconsellar e decidir a suspensión dun treito cronometrado.

DELEGADO SEGURIDADE OBSERVADOR DA F.G.A.
30'

Delegado de Seguridade da F.G.A.

Revisará a correcta montaxe do Plan de Seguridade e irá volando pola correcta ubicación do público nas zonas habilitadas. Correxirá a ubicación do público mal situado, informando ós vehículos que o suceden para que comproben a correcta reubicación do público. Terá plena potestade para retrasar o inicio dun treito e poderá recomendar a Dirección de Carreira a súa anulación se considera que este non cumpre a suficiente seguridade (Dita decisión quedará sempre en mans do Director Adxunto na estrada, Vehículo "0" e Director de Carreira na oficina).

Observador da F.G.A.

O Observador da F.G.A. revisará a correcta montaxe do treito cronometrado: Montaxe dos postos de control, dispoñibilidade e ubicación dos servizos do treito, emisoras e oficiais do mesmo, sen descoidar o cumprimento do Plan de Seguridade no que se refire á seguridade dos espectadores

DIRECTOR ADXUNTO NA ESTRADA "00"
20'

Director Adxunto na estrada "00"

Persoa moi integrada na organización, con ampla experiencia e capacidade para aconsellar a cancelación dun treito. Verifica en especial a situación e seguridade dos espectadores, corrixindo as últimas deficiencias a instancias do Delegado de Seguridade. O seu horario estará calculado para que poida finalizar o treito antes da saída do primeiro participante, por se o Delegado de Seguridade decidira que fose el quen dese o OK para o comezo do treito cronometrado.

VEHÍCULO "0"
10'

Vehículo "0"

Avisa ós espectadores da inminente saída do primeiro participante. Será un vehículo rápido conducido por un piloto experimentado e coñecemento en materia de seguridade. Contrataráse o seu paso por tódolos C.H. do treito cronometrado a Dirección de Carreira autorizando o inicio do mesmo.

VEHÍCULOS DE COMPETICIÓN
0'

Vehículos de competición

VEHÍCULO ESCOBA

Vehículo Escoba

Ningún se poderá mover polo treito antes do paso de este vehículo. O seu paso produciráse despois da saída do derradeiro participante. Irá recollendo as tiras de tempos e planillas dos distintos controis horarios, os carnés de control dos distintos vehículos que abandonasen a proba e informando a Dirección de Carreira de se estes últimos entorpecen o treito ou precisasen de grúa para despegar a estrada para dar comezo a seguinte pasada do treito.